
O PLANETA DOS SIMIOS

Texto de PIERRE BOULLE

Tradución de ANTÍA VERES GESTO

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 272 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-43-6. Narrativa. Fatoría K.


Jinn e Phyllis estaban pasando unhas vacacións maravillosas no espazo, o máis lonxe posible dos astros habitados. Naquel tempo, eran habituais as viaxes interplanetarias, e as expedicións intersiderais non resultaban excepcionais. Os foguetes levaban turistas até as prodixiosas paisaxes de Sirio ou financeiros ás famosas bolsas de Arturo e de Aldebarán...

“O planeta dos simios” pódese encadrar nas fantasías distópicas ou antiutópicas que abundaron no pasado século XX, con exemplos como “Un mundo feliz” de Huxley ou “1984” de Orwell. Esta obra de Pierre Boulle presenta un mundo futuro onde os humanos son gobernados por simios, como crítica á obsesión da nosa especie por dominar o planeta. Tamén expón o problema da discriminación racial na xerarquía de castas implantada nesa ficticia sociedade simiesca: os gorilas no alto do escalafón ostentando o poder militar, a continuación os chimpancés polas súas habilidades científicas e intelectuais, seguidamente os orangután representando a clase sacerdotal, e por debaixo de todos, os humanos como man de obra.

Facendo unha aterraxe de emerxencia, a nave espacial de Ulysse Mérou e da súa familia chega ao planeta Soror, que destaca pola súa exuberante natureza e polo clima morno. A diferenza dos humanos que habitan nel, Mérou é quen de falar, evidenciando que as persoas teñen capacidade para pensar e expresarse, e contradicindo así os dogmas de fe predicados polo orangután supremo. Dous chimpancés que investigan as orixes na escala evolutiva axudaranos primeiro a ser aceptado nesa sociedade tan simiocéntrica e humanofóbica, e despois facilitarán que escape coa súa muller e co fillo de ambos.

De volta á Terra comprenderán que as sospeitas dos chimpancés fan máis aló: que o elo perdido na evolución dos simios son os propios humanos e que, como antigos poboadores do planeta, son antepasados seus; e por riba, que Soror é o propio planeta Terra dous mil anos despois da marcha de Mérou, que en realidade viaxara no tempo.

Esta obra non só é unha novela de aventuras, senón unha historia de ciencia-ficción que invita aos lectores a reflexionar sobre a capacidade autodestrutiva dos seres humanos como resultado dun cataclismo atómico. Unha luz de esperanza queda no horizonte, con Ulysse e a súa muller na procura dunha nova Terra onde volver empezar e vivir en paz. Esta estarrecedora novela de Pierre Boulle, que o autor consideraba unha fantasía social, deu lugar a unha das mellores sagas do cinema.



-
- **Temática:** distopía, novela de ciencia-ficción.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** crítica á dominación do planeta por parte dos seres humanos, á sociedade clasista e á natureza autodestrutiva da nosa especie; adaptación cinematográfica.
 - **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/o-planeta-dos-simios-g>
-

Pierre Boulle

(Aviñón, 1912 - París, 1994)

Graduouse como enxeñeiro na Escola Superior de Electricidade de París pero a súa vida experimentou numerosas vicisitudes: durante a Segunda Guerra Mundial alistouse no exército francés da Indochina, posteriormente foi axente secreto e colaborou coa resistencia francesa ata que en 1943 foi capturado polos partidarios da Francia de Vichy e condenado a traballos forzados. Tras a guerra, o Goberno francés condecorouno e nomeouno Cabaleiro da Lexión de Honra. Trasládouse logo a París, onde comezou a escribir, publicando a súa primeira novela en 1951. Os seus dous grandes éxitos literarios “Ponte sobre o río Kwai” (1952) –Premio Sainte-Beuve– e “O planeta dos simios” (1963) foron levados ao cinema.